

Pero Garcia Buralês

Rubrica

Eu me cuidava, quando nom podia
a mui fremosa dona mia senhor
veer, ca se a viss'eu, [l]hi diria
com'hoj'eu moiro polo seu amor.
Mais vi-a tam fremoso parecer
que lhi nom pudi nulha rem dizer,
catando quam fremoso parecia!

Esto me fez quant'eu dizer queria
escaecer, ca nom outro pavor.
E quand'eu vi quam fremoso dizia
quanto dizer queria e melhor
de quantas donas Deus fez nacer,
ali nom houv'eu siso nem poder
de lhi dizer que por ela moiria!

E des que a vi o primeiro dia,
nom me guardei, nem fui en sabedor,
nem me quis Deus guardar, nem mia folia,
nem est[e] meu coraçom traedor
que mi a depois conselhou a veer.
E por aquesto hei já sempr'[a] viver
em maior coita que ante vivia.

E meus amigos, por Santa Maria!,
des que a vi, muito me vai peor:
ca siquer ante algũa vez dormia,
ou havia d'algũa rem sabor,
que hoj'eu, cativo, nom poss'haver!
E tod'aquesto m'ela fez perder
e dobrou-xi m'a coita que havia!